

# BOLETÍN ALTAIR

NOVIEMBRE-DECEMBRO 2016



## Altair Galiza: imos de campamento!

Aínda que as actividades semanais que realizan os grupos educativos de Altair son unha parte esencial do proceso educativo, os campamentos son sen dúbida os momentos claves do mesmo. Agora que se achega o Nadal, Seteportas e Chao de Castro programan cadansúa aventura. Mais, ademais disto, imos facer un repaso do que aconteceu nas últimas semanas.

### Chao de Castro

En Burela tornáronse galácticos/as e, entre outras cousas, tiveron unha actividade de observación astronómica (non sabemos se conseguiron ver a estrela Altair...). Dada a súa boa acollida, de seguro que este tipo de experiencias terán novas edicións. Agora andan ó redor da temática *zombie*, que será o centro de interese do próximo campamento, que terá lugar entre o 26 e o 28 de decembro no refuxio de Argomoso-Mondoñedo.

XOGOS-MÚSICA-SENDERISMO-NATUREZA-ANIMAIS-COCIÑA-  
LEGER AO AIRE LIBRE-LUME DE CAMPAMENTO

## CAMPAMENTO DE INVERNO

no refuxio de Argomoso (Mondoñedo)

26, 27 e 28 de decembro de 2016  
de 7 a 17 anos (por grupos de idade)

### COTAS

Con transporte, comida, material, seguro de RC e póliza de accidentes

Soci@s Altair: 27 €  
Non soci@s Altair: 45 € \*

\*Inclúe cota do mes de xaneiro para quen queira continuar na asociación

.....

Info/ inscricións:  
685325153 (educador) 659737312 (educadora)  
639669134 (nai representante das familias da asociación)  
chaodecastro.altair.burela@gmail.com  
<https://chaodecastro.wordpress.com>

Data límite: 21 de decembro  
Reunión informativa: Mércores, 21 dec. - 20:30h  
Casa da Xuventude de Burela



## Seteportas

As picheleiras estanse a adaptar ao seu novo barrio, As Fontiñas, despois de decidir deixar o seu local de Vista Alegre. No emprazamento actual, puideron entrar en contacto con outras iniciativas asociativas interesantes, como Micos do Barrio. Agora están a desenvolver un proxecto sobre circo que culminará no campamento de inverno, que se desenvolverá do 26 ao 29 de decembro en Torroso-Mos (o prazo de inscrición, ao igual que en CdC, aínda está aberto).



## Nós, @s nosos fill@s. O Tempo que queremos

Paralelamente, en Santiago púxose en marcha o foro “Nós, @s nosos fill@s. O Tempo que queremos”, que ten lugar no café Airas Nunes con periodicidade mensual. Esta proposta pretende ser un espazo de reflexión e acción educativa onde participan expert@s, nais/pais, educador@s ou calquera persoa interesada nesta materia. Nas dúas primeiras conversas os temas a tratar foron “Educación con tempo” e “Que facemos co móbil?”

**NÓS,  
@S NOS@S FILL@S:  
O TEMPO QUE QUEREMOS**  
FORO EDUCATIVO ABERTO

PRIMEIRA CONVERSA **EDUCACIÓN CON TEMPO**

**09** MÉRCORES  
NOVEMBRO

CONVERSAS NO AIRAS NUNES  
ÁS 20:00 DA TARDE  
(RUA DO VILAR, 17 SDE)

**-ENTRADA DE BALDE-**

Aitor Seteportas altair galiza airas catering

**NÓS,  
@S NOS@S FILL@S:  
O TEMPO QUE QUEREMOS**  
FORO EDUCATIVO ABERTO

TEMA DA CONVERSA **QUE FACEMOS CO MÓBIL?**

**14** MÉRCORES  
DECEMBRO

CONVERSAS NO AIRAS NUNES  
ÁS 19:30 DA TARDE  
(RUA DO VILAR, 17 SDE)

**-ENTRADA DE BALDE-**

Aitor Seteportas altair galiza airas catering

## Galiza-Cabo Verde: diferentes contextos, mesmas motivacións



Olalla Liñares co grupo Estrelas na súa visita ao Mindelo en novembro

“Quen me dera poder ser educadora de Altair aquí”. Foi o que lle dixen á Ronízia, á Julieta e ó Paulo o último día da miña estancia no Mindelo, cando faciamos un intercambio de ideas a partir da miña visita. Elas, como educadoras, teñen un reto importante: sacar adiante un grupo de 11 crianzas, 6 rapazas e 5 rapaces, de entre 8 e 12 anos. Fano nunhas circunstancias moi diferentes das que o facemos aquí, na

Galiza. Nalgúns casos, estas diferenzas convértense nunha potencialidade e noutras nunha dificultade. Aínda así, a nivel xeral, as nenas e nenos alá aínda gozan de privilexios (non materiais, senón vitais) que aquí tivemos, pero que estamos a perder. E iso, desde o plano educativo, é moi estimulante.

As dificultades: estruturas familiares complicadas, recursos económicos baixos, falta dun tempo e dun espazo definido para actividades... As virtudes, ademais do clima, resúmense na idea de que alá aínda son tribo. Estamos a falar dunha sociedade onde as crianzas pasan a maior parte do tempo no exterior, na rúa, brincando libremente, sen demasiadas pautas e relacionándose con toda a xente. As portas das casas están abertas e existe a comunidade, o espazo público. Así, descubrín que hai valores de Altair nos que aquí poñemos moita atención nos que alá case non é preciso insistir (e viceversa).

En Cabo Verde as crianzas teñen moito tempo libre. O que fai falta é canalizar ese tempo desde o punto de vista educativo. E aí estamos nós. As que non teñen demasiado tempo libre son as dúas educadoras. Traballan, estudan, son nais... e fan parte da comunidade Altair. Asómbreme o esforzo que realizan para dedicarlle as poucas horas que teñen para elas ó grupo Estrelas.

Agora están comezando a traballar por proxectos, isto é, con centros de interese e obxectivos concretos. Mentres eu estiven alá andaban ás voltas cos materiais de refugallo. Na imaxe que acompaña a este texto poderedes ver as fotos enmarcadas coas que agasallaron ós grupos galegos Seteportas e Chao de Castro, feitos con material reciclado. Observaredes tamén que me trataron como a unha raíña, con trono incluído. Cousas da hospitalidade e a cortesía cabo-verdiana.

Viaxaron comigo ata o Mindelo *5 Estrelas* e *Estrela Brilhante*, as dúas tendas de campaña que agora ten o grupo Estrelas e que así bautizaron o día que llas entreguei entre agradecementos e celebracións. Así, tras a miña visita, ábreselles unha nova fronte: a de desenvolver o seu primeiro campamento. Quen me dera a min un campamento no cráter do volcán da illa de Santo Antão...!

A nivel persoal, o que alá vivín ten demasiada *chicha* como para plasmar neste pequeno relatorio. A nivel de experiencia como educadora, foi inmensamente enriquecedor. Sobre todo, tomei consciencia do sentido que ten desenvolver un proxecto asociativo e educativo coma este, sexa na Galiza, sexa en Cabo Verde, sexa alá a onde cheguemos. E non me queda outra que agradecervos a todas as persoas que dun ou doutro xeito contribuídes a que isto saia adiante.

Olalla Liñares



*Boas festas e  
feliz ano 2017!*